


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/03/2019 9:02:42

SAIDA 3074/19




Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 016/2019**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 18 de xaneiro de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único.  presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 18 de xaneiro de 2019, unha reclamación, contra a falta de contestación á súa solicitude de praza para o seu fillo en centro residencial para persoas con autismo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Análise do expediente

No presente caso, o obxecto da reclamación non é a disconformidade ou a falta de contestación a unha solicitude de acceso á información pública, senón unha reclamación contra a falla de contestación a unha solicitude de concesión dunha praza para o seu fillo en centro residencial para persoas con autismo axeitado ás súas circunstancias.

Non existe no presente caso unha solicitude de información pública non atendida fronte ao que a interesada reclame, senón unha solicitude de praza, polo que, de conformidade co disposto no artigo 116.c da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a inadmisión da reclamación presentada, por non tratarse dun acto susceptible de recurso en materia de acceso á información pública.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] contra a falta de contestación á súa solicitude de praza para o seu fillo en centro residencial para persoas con autismo.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de disconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia


Comisión da
transparencia
de Galicia
Milagros Otero Parga